



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA
SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



CONCELLO DE
ARTEIXO

Número

71

/ 2025

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O FINANCIAMENTO DE INFRAESTRUTURAS, COMO CONSECUCENCIA DA CESIÓN DO POLÍGONO DE SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO, 41/2021

Na Coruña, a 14 de agosto de 2025, na sede da Deputación Provincial da Coruña.

Ante min, Paula María Vázquez Carrasco, Secretaria Xeral en funcións da Excelentísima Deputación Provincial de A Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

Don Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña.

Don Carlos Calvelo Martínez, Alcalde Presidente do Concello de Arteixo

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que ostentan, e recoñecendo reciprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

O Polígono de Sabón foi promovido pola Deputación Provincial da Coruña para fomentar a instalación de industria pesada que podía ser atraída pola Refinería de Petróleo inaugurada en 1964.

Para iso, a Deputación provincial redactou o Plan de ordenación parcial do Polígono Industrial de Sabón-Arteixo e as súas ordenanzas que regulan o uso dos terreos incluídos neste Polígono que foron aprobados pola Comisión Provincial de Arquitectura e Urbanismo o 30-10-1965 (BOP do 11-11-1965).

O investimento orzado foi de 200 millóns de pesetas, en dúas fases, a primeira de 130 millóns a cargo dun crédito do Banco de Crédito Local e a segunda financiouse con cargo á venda das parcelas industriais.

En 1966 levantáronse as actas previas á ocupación, redactáronse e aprobaron os proxectos de construción das infraestruturas e o 28 de outubro de 1966 adxudícanse as obras da primeira fase.

As primeiras empresas instálanse a principios dos anos 70, estando no momento da súa cesión, practicamente ocupado ao 100 %. Este polígono configúrase como un motor esencial no desenvolvemento da actividade industrial e económica, así como un eficaz instrumento dinamizador da creación de emprego na provincia.

A xestión do Polígono e dos seus servizos foron inicialmente asumidos pola Deputación, en que, dado o gran desenvolvemento do Concello de Arteixo e no espírito de colaboración entre ambas as dúas administracións, o 5 de xuño de 2013, asinou o Protocolo para a Definición, Coordinación e Programación das Actuacións para a Recepción, polo Concello de Arteixo, das Obras de Urbanización do Polígono Industrial de Sabón propiedade da Deputación Provincial da Coruña”.

En cumprimento do citado protocolo o Pleno da Corporación na súa sesión do 30 de setembro de 2014 aprobou inicialmente o expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao concello de Arteixo e o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón, condicionado á aprobación definitiva do expediente de cesión. Na sesión de 27 de novembro de 2014 aprobouse definitivamente o expediente de cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do Polígono de Sabón por parte da Deputación Provincial da Coruña ao concello de Arteixo. O convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Arteixo para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do polígono de Sabón, formalizouse o 04/12/2014 co número 297/2014.

A Deputación, en cumprimento do citado convenio, transferiu as infraestruturas que se indican na cláusula II e as parcelas que se indican na cláusula IV do mesmo.

Na cláusula III do convenio incluíanse as obras que haberían de realizarse de acordo co Plan Director de Actuacións que se incorporaba como anexo III.

No Pleno da Deputación de data 23/12/2016 aprobouse a modificación do citado convenio, e en data 30/12/2016 asinou o convenio de colaboración 206/2016 entre a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo para a modificación do convenio 297/2014 para a cesión de infraestruturas, servizos e parcelas do polígono de Sabón, que entre outros aspectos modificaba a cláusula III e anexo do convenio formalizado o 04/12/2014.

Este convenio previa unha prórroga ata o 12/12/2018.

Previo estudo pola Comisión de Seguimento prevista no convenio, considerouse necesario realizar modificacións no Plan Director para adaptalo á realidade e as necesidades do Polígono de Sabón.

Como consecuencia asinou un novo convenio o 23 de abril de 2021, número 41/2021, para establecer as condicións e financiamento para a execución das obras necesarias derivadas do Plan Director de Actuacións do Polígono de Sabón e das novas necesidades acreditadas polo Concello de Arteixo, dando continuidade ás actuacións xa realizadas en virtude dos convenios 297/2014 de 04/12/2014 e 206/2016 de 30/12/2016.

En virtude das consideracións anteriores, a Deputación da Coruña e o Concello de Arteixo acordan subscribir o presente convenio de colaboración dacordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

1. OBXECTO

A presente addenda ten por obxecto recoller os modificacións propostas polo concello de Arteixo ao convenio 41/2021 relativo a **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARTEIXO PARA O FINANCIAMENTO DE INFRAESTRUTURAS, COMO CONSECUENCIA DA CESIÓN DO POLÍGONO DE SABÓN AO CONCELLO DE ARTEIXO**, e aprobadas pola comisión de seguimento que tivo lugar o 30 de xullo de 2025, e establecer as condicións e financiamento para a execución das obras que faltan por executar, así como o novo prazo de vixencia do convenio.

2. OBRAS QUE SE HAN DESENVOLVER FINANCIADAS POLA DEPUTACION

2.1.-OBRAS:

As obras que se recollían no convenio 41/2021 son as relacionadas a continuación:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN	COEFICIENTE DE FI-NANCIAMENTO DE-PUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo). Lote 1	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	3.624.519,57 €	3.564.098,70 €	

2.2.- PROXECTOS E ORZAMENTOS ACTUAIS.

O concello de Arteixo executou e finalizou os dous primeiros proxectos relativos a:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN	COEFICIENTE DE FI-NANCIAMENTO DE-PUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Artei-	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 % Expediente de obra 2022000044122

xo). Lote 1			
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2	495.230,26 €	495.230,26 €	100 % Expediente de obra 2022000044128

Como consecuencia da execución das distintas obras na Avda da Ponte dende a subscripción do citado convenio, o concello manifesta que imposibilitan a realización do Proxecto Senda Avda da Ponte, e a comisión de seguimento celebrada o 30 de xullo toma coñecemento da renuncia á execución do citado proxecto que supuña o seguinte investimento:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %

Así mesmo a comisión manifesta conformidade á solicitude do concello para que o importe que financiaba o citado proxecto pase a financiar os outros dous proxectos de sendas, quedando a táboa como segue:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	670.673,55 €	670.673,55 € (incrementábase en 73.204,55 €)	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	1.139.920,43 €	587.280,39 € (incrementábase en 177.514,45 €)	51,52 %

2.3.- FINANCIAMENTO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.

A Deputación provincial asume nesta addenda e con cargo ao seu orzamento o financiamento das actuacións que restan por executar, sin que en ningún caso se modifique a aportación total máxima da Deputación Provincial que se recollía no convenio asinado no ano 2021 e que ascende a 3.564.098,70 €. **Cláusula 2.1 do convenio 41/2021:**

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo). Lote 1	1.810.914,50 €	1.810.914,50 €	100 %
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2	495.230,26 €	495.230,26 €	100 %

to do Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2			
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	597.469 €	597.469 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 €	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	470.186,81 €	409.765,94 €	87,15 %
	3.624.519,57 €	3.564.098,70 €	

O financiamento provincial citado imputarase con cargo á aplicación orzamentaria 0410/4221/762.01 do orzamento provincial condicionado á realización das modificacións orzamentarias necesarias e á existencia de crédito adecuado e suficiente.

O detalle do novo financiamento é o seguinte:

DENOMINACIÓN	ORZAMENTO TOTAL	FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN	COEFICIENTE DE FINANCIAMENTO DE-PUTACIÓN
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. ETAP. (Arteixo). Lote 1	1.810.914,50 €	1.810.914,50 € FINALIZADO	100 %
Medidas correctoras de mellora do abastecemento do Polígono Industrial de Sabón. Depósito. (Arteixo). Lote 2	495.230,26 €	495.230,26 € FINALIZADO	100 %
Proxecto Senda avd. da Ponte	250.719 €	250.719 € RENUNCIA	100 %
Proxecto Senda avd. Embalse e avd. da Prensa	670.673,55 €	670.673,55 € (incrementase en 73.204,55 €)	100 %
Proxecto Senda avd. da Praia	1.139.920,43 €	587.280,39 € (incrementase en 177.514,45 €)	51,52 %
		3.564.098,70	

3.- VIXENCIA E EFICACIA

3.1.- O convenio asinado o 23 de abril de 2021, recollía na súa cláusula 17 o seguinte:

1. A eficacia do presente convenio queda condicionada a redacción, supervisión e

**aprobación dos correspondentes proxectos e a existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades e conservará a súa vixencia ata o día 30 de NO-
VEMBRO do 2025.**

Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

Estas condicións acreditaranse expresamente a través de resolución de presidencia previos os informes preceptivos.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula 10, deberá solicitar **antes do 31 de outubro de 2025**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do importe restante. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2026**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula 10 do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

3.2.- Con esta addenda modifícase a cláusula 17 relativa á vixencia e eficacia do convenio para a execución dos proxectos pendentes de tramitación, aprobándose como nova data de vixencia o 22 de abril de 2027.

A eficacia da presente addenda queda condicionada a redacción, supervisión e aprobación dos correspondentes proxectos e a existencia de crédito adecuado e suficiente en cada unha das anualidades e conservará a súa vixencia ata o día 22 de abril do 2027.

4.- TERMO PARA A FINALIZACIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O convenio asinado o 23 de abril de 2021, recollía na súa cláusula 10 o seguinte:

"...1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas no pro-

xecto, deberán estar finalizadas antes de 31 de outubro de 2025...”


Como consecuencia da modificación da vixencia, as obras escritas na addenda deberán estar finalizadas antes do 21 de marzo do 2027, quedando así modificada a cláusula 10 de convenio asinado no ano 2021.

No texto do convenio asinado no ano 2021 quedan definidos os dereitos e obrigas das partes, modificando esta adenda exclusivamente o relativo aos proxectos que faltan por executar e o seu financiamento, así como o seu prazo de vixencia.

A excepcionalidade desta addenda ven derivada dos convenios formalizados nos anos 2014 e 2016 e 2021, que determinaron o cumprimento do compromiso da Deputación para financiar as obras, aos efectos de que o Concello de Arteixo poida desenvolver as súas funcións nos termos recollidos nos mesmos convenios, e a través dos cales se articulou o transferencia da titularidade e servizos e bens do Polígono de Sabón ao Concello de Arteixo, tendo en conta as obras e investimentos necesarias para facer viable a transferencia.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data 8 de agosto de 2025.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 	O ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARTEIXO 
Asdo.: Valentín González Formoso	Asdo.: Carlos Calvelo Martínez
A SECRETARIA XERAL EN FUNCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA 	
Asdo.: Paula María Vázquez Carrasco 	